


Zonificación dunha Reserva de Biosfera




3 zonas

- Zona núcleo**
Áreas legalmente protexidas.
Conservación
- Zona de amortecemento**
Usos tradicionais e compatibles coa conservación
- Zona de transición**
Desenvolvemento económico e innovación



Asómate...

<http://rerb.oapn.es>



Rede Española de Reservas de Biosfera



50 Aniversario Programa MaB



reservas de
BIOSFERA



Que é o Programa MaB da UNESCO?



Que son as Reservas de Biosfera?



Este ano celébrase o **50 aniversario** da creación do Programa Persoa e Biosfera (MaB) da UNESCO. Establecido en 1971 o seu obxectivo é harmonizar a relación entre as persoas e o medio ambiente. Para iso combina as ciencias naturais e sociais, para mellorar os medios de vida dos seres humanos, e ao mesmo tempo, salvagardar os ecosistemas naturais. Deste xeito promóvense enfoques innovadores de xestión para conseguir un desenvolvemento económico, social e cultural axeitado, e ambientalmente sostible.

Numerosos territorios de todo o planeta únense a este Programa desde entón, constituindo a Rede Mundial de Reservas da Biosfera, que comprende **714 sitios en 129 países, incluídos 21 sitios transfronteirizos**.

As Reservas de Biosfera son **territorios declarados pola UNESCO** nos que se harmoniza a conservación da diversidade biolóxica e cultural, co desenvolvemento económico e social, a través da relación das persoas coa natureza. Establécense sobre zonas ecoloxicamente representativas ou de valor único, en ambientes terrestres, costeiros e mariños.

A súa creación é promovida desde os propios territorios, o que garante que os seus habitantes están de acordo e implícanse no proxecto e na súa continuidade.

As Reservas de Biosfera funcionan como proxectos piloto que mostran ao mundo como se pode conservar o medio natural, a través da participación da sociedade logrando, ademais, beneficios económicos.

España é o primeiro país do mundo en número de Reservas de Biosfera, con 52 espazos declarados, o que supón o 12% do territorio nacional, e nas que viven case 2 millóns de persoas.

Quen xestiona?



Entidade que solicita a declaración dunha Reserva de Biosfera debe constituir un **órgano de xestión**, responsable de levar a cabo un **Plan de Xestión** da mesma. Neste órgano deben estar representadas as administracións implicadas na execución do devandito Plan. Naturalmente as Reservas de Biosfera teñen que contar co apoio e participación das administracións con competencias na área declarada: ambiente, desenvolvemento rural, educación... Tamén hai que destacar a **importancia da xestión participativa** nestes territorios, onde as poboacións e axentes locais teñen un papel relevante.

Baixo esta premisa, a Rede Española de Reservas de Biosfera (RERB) conta cunha gran diversidade de modelos de gobernanza que van desde as Comunidades Autónomas, pasando por Deputacións, Cabidos insulares, Grupos de Acción Local, Fundacións ou ONGs.



¿Implicacións?

A creación dunha Reserva da Biosfera é unha **decisión voluntaria**. O eixe sobre o que se vertebra é o **compromiso da poboación coa comunidade internacional**, ao optar por implicarse nun modelo de **desenvolvemento compatible cos valores do territorio e a súa conservación a longo prazo**.



Restricións?

En xeral, a declaración dunha Reserva non engade restricións legais ás xa existentes no territorio.

Beneficios




Pertencer a unha Reserva de Biosfera supón unha **oportunidade de impulsar modelos de gobernanza participativa**, así como de mellorar a estrutura dun territorio, dar visibilidade a unha rexión, traballar en rede con outras reservas, ademais de intercambiar experiencias, coñecementos e información.

As Reservas de Biosfera e o Programa Mab en España



A coordinación do desenvolvemento do Programa MaB en España está encomendada legalmente ao Organismo Autónomo Parques Nacionais (OAPN), que exerce a Secretaría do Programa e do Comité Español do MaB.

Os principais impulsores da Rede Española de Reservas de Biosfera son o Comité Español do MaB (soporte institucional), Consello de Xestores das Reservas (iniciativas de acción), Consello Científico (avaliación e orientacións) e OAPN (coordinación, apoio técnico, apoio loxístico e execución de iniciativas).



Actividades da Rede Española de Reservas de Biosfera



A Secretaría do Programa MaB desenvolve accións de interese para as Reservas de Biosfera españolas que non poden ser abordadas de forma individual, como o desenvolvemento de elementos comúns de identificación (logos, marcas, sinalización), labores de difusión, estudos (de avaliación, patrimonio xeolóxico, inmaterial, etc.), intercambios de experiencias, de colaboración e de aprendizaxe mutua.

Para ampliar información sobre calquera destes temas pode consultar o noso portal en Internet: <http://rerb.oapn.es/>

